

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0750	Procesos fisiolóxicos e de hixiene en imaxe persoal	2023/2024	4	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO CORTIÑAS RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas:

- Peluquería Princess
- Peluquería Alda
- Peluquería E. Belón
- Peluquería Beradel
- Peluquería Tamara
- Peluquería P&P
- Peluquería Artelis
- Peluquería 2000
- Tempus Imagen
- Peluquería Artoris
- Peluquería Córtes
- Peluquería Bolboreta
- Peluquería Mónica
- Manuel Estilistas
- Ramos Estilistas

nos que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, lóxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- ¿ Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
- ¿ Especialista en análise e tratamentos capilares.
- ¿ Estilista.
- ¿ Especialista en próteses capilares e postizaría.
- ¿ Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.
- ¿ Experto/a en cuidados capilares en clientela con necesidades especiais.
- ¿ Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico/a comercial.
- Asesor/ora de imaxe.
- Formador/ora técnico/a en peiteado.
- Asesor/ora de venda e demostrador/ora de produtos e aparellos de peiteado.
- Asesor/ora de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	54	15
2	Normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal	Coñecer os sistemas de desinfección e os protocolos de limpeza no ámbito da imaxe persoal	5	5
3	Compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal. Estrutura xeral do corpo humano	Identificación das rexións, zonas, planos, eixes e posicións do corpo humano	10	10
4	Estrutura anatómica e fisiolóxica do aparello locomotor	Estudo da estrutura do sistema óseo e da fisioloxía muscular	15	15
5	Estrutura anatómica e fisiolóxica dos compoñentes do medio interno e do aparello circulatorio	Caracterizar a estrutura e fisioloxía do aparello circulatorio e do sistema linfático, relacionándoos co equilibrio	10	15
6	Estrutura anatómica e fisiolóxica dos sistemas endocrino e nervioso	Identificación e análise das glándulas endocrinas, a súa función e relación cos procesos de imaxe persoal	15	15
7	Pautas nutricionais saudables e a súa influencia na imaxe persoal	Estudo dos alimentos e das pautas nutricionais saudables	24	15
8	Pautas de asesoramento en hábitos saudables en relación coa imaxe persoal	Concepto de saúde e recomendacións saudables para potenciar a estética persoal	26	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	54

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal, tendo en conta a relación entre a exposición a axentes biolóxicos e os riscos para a saúde.	SI
RA2 - Caracteriza os compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal, revisando a estrutura xeral do corpo humano.	NO
RA3 - Caracteriza os compoñentes do aparello locomotor implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	NO
RA4 - Caracteriza os compoñentes do medio interno implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	NO
RA5 - Caracteriza os compoñentes dos sistemas endócrino e nervioso implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	NO
RA6 - Establece pautas de asesoramento en hábitos saudables, en relación cos procesos de imaxe persoal.	NO
RA7 - Identifica pautas nutricionais saudables e recoñece a súa influencia sobre a imaxe estética.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os métodos de desinfección cos niveis de risco de infección de cada material.
CA1.2 Determináronse os protocolos de limpeza, desinfección e esterilización aplicables ao ámbito da imaxe persoal.
CA1.3 Caracterizáronse os tipos de axentes contaminantes.
CA1.4 Especificáronse os elementos que conforman o sistema inmunitario e os factores que o regulan.
CA1.5 Valorouse a aplicación da normativa na planificación da hixiene na imaxe persoal.
CA1.6 Recoñeceu o programa de vacinación obrigatorio para o persoal aplicador das técnicas de imaxe persoal.
CA1.7 Xustificouse a xestión dos residuos producidos no ámbito da imaxe persoal.
CA1.8 Estableceu o plan de calidade no tratamento de residuos e nos procesos de hixiene na imaxe persoal.
CA1.9 Especificáronse os equipamentos de protección individual utilizados en imaxe persoal.
CA2.8 Relacionáronse os valores antropométricos coa súa aplicación en imaxe persoal.
CA3.4 Identificáronse as patoloxías óseas e articulares máis frecuentes e a súa influencia na imaxe persoal.
CA3.7 Recoñecéronse as patoloxías do movemento e da marcha, así como as alteracións óseas vinculadas á aplicación de técnicas estéticas.
CA3.8 Relacionouse a ergonomía coa hixiene postural e a patoloxía derivada.
CA3.9 Propuxéronse correccións posturais para a clientela e para o persoal en función de análises ergonómicas.

Criterios de avaliación
CA4.5 Recoñecéronse os elementos que determinan o medio interno.
CA4.7 Identificáronse as patoloxías asociadas a estes aparellos con influencia en imaxe persoal.
CA5.9 Relacionouse a fisioloxía sensorial coas técnicas utilizadas en imaxe persoal.
CA6.2 Recoñeceuse a influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal.
CA6.11 Establecéronse recomendacións saudables para potenciar a imaxe estética.
CA7.8 Recoñeceuse a influencia do aparello excretor e as súas patoloxías na imaxe persoal.
CA7.11 Recoñecéronse os procesos patolóxicos implicados na nutrición e a súa influencia sobre pel e os seus anexos.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Axentes contaminantes: clasificación dos microorganismos; mecanismos de transmisión; infeccións e infestacións.</p> <p>Pautas para a prevención da contaminación.</p> <p>Conceptos. Niveis de desinfección. Métodos de desinfección e esterilización. Área de desinfección das instalacións. Protocolos de actuación na limpeza, desinfección, esterilización e conservación de espazos, instalacións, equipamentos, utensilios e accesorios. Coidados e conservación do material estéril. Condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos de imaxe</p> <p>Control de calidade destes procesos.</p> <p>Sistema de defensa e inmunitario. Tipos de inmunidade. A inflamación. Resposta inmunitaria e inmunidade. Trastornos do sistema inmunitario con repercusión na imaxe persoal: as alerxias.</p> <p>Vacinas: programas de vacinación obrigatorios en imaxe persoal.</p> <p>Normativa relacionada co ámbito da imaxe persoal: prevención de lexielose, e condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos de aplicación de tatuaxes, micropigmentación e piercing.</p> <p>Xestión dos residuos: concepto, tipoloxía e control de residuos.</p> <p>Equipamentos de protección individual específicos de estética.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal	5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal, tendo en conta a relación entre a exposición a axentes biolóxicos e os riscos para a saúde.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os métodos de desinfección cos niveis de risco de infección de cada material.
CA1.2 Determináronse os protocolos de limpeza, desinfección e esterilización aplicables ao ámbito da imaxe persoal.
CA1.3 Caracterizáronse os tipos de axentes contaminantes.
CA1.4 Especificáronse os elementos que conforman o sistema inmunitario e os factores que o regulan.
CA1.5 Valorouse a aplicación da normativa na planificación da hixiene na imaxe persoal.
CA1.6 Recoñeceuse o programa de vacinación obrigatorio para o persoal aplicador das técnicas de imaxe persoal.
CA1.7 Xustificouse a xestión dos residuos producidos no ámbito da imaxe persoal.
CA1.8 Estableceuse o plan de calidade no tratamento de residuos e nos procesos de hixiene na imaxe persoal.
CA1.9 Especificáronse os equipamentos de protección individual utilizados en imaxe persoal.

4.2.e) Contidos

Contidos
Axentes contaminantes: clasificación dos microorganismos; mecanismos de transmisión; infeccións e infestacións.
Pautas para a prevención da contaminación.
Conceptos. Niveis de desinfección. Métodos de desinfección e esterilización. Área de desinfección das instalacións. Protocolos de actuación na limpeza, desinfección, esterilización e conservación de espazos, instalacións, equipamentos, utensilios e accesorios. Coidados e conservación do material estéril. Condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos de imaxe Control de calidade destes procesos.
Sistema de defensa e inmunitario. Tipos de inmunidade. A inflamación. Resposta inmunitaria e inmunidade. Trastornos do sistema inmunitario con repercusión na imaxe persoal: as alerxias.
Vacinas: programas de vacinación obrigatorios en imaxe persoal.
Normativa relacionada co ámbito da imaxe persoal: prevención de lexielose, e condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos de aplicación de tatuaxes, micropigmentación e piercing.
Xestión dos residuos: concepto, tipoloxía e control de residuos.
Equipamentos de protección individual específicos de estética.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal. Estrutura xeral do corpo humano	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal, revisando a estrutura xeral do corpo humano.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as rexións e as zonas do corpo humano.
CA2.2 Determináronse as posicións anatómicas.
CA2.3 Establecéronse os planos e os eixes anatómicos.
CA2.4 Definíronse os termos de movemento, relación e dirección no espazo da estrutura xeral do corpo humano.
CA2.5 Recoñeceuse a forma, o aspecto xeral e as proporcións corporais.
CA2.6 Identifícanse os factores hereditarios e ambientais que determinan a constitución do corpo.
CA2.7 Recoñecéronse os tipos constitucionais ou somatotipos.
CA2.8 Relacionáronse os valores antropométricos coa súa aplicación en imaxe persoal.

4.3.e) Contidos

Contidos
Estrutura xeral do corpo humano: rexións e zonas corporais; posicións anatómicas; planos e eixes anatómicos; termos de relación ou direccións no espazo. Antropometría (forma, aspecto xeral e proporcións corporais; somatotipos ou tipos constitucionais; variables antropométricas de peso, talla, perímetros, pregamentos cutáneos e envergadura): relación coa imaxe persoal.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estrutura anatómica e fisiolóxica do aparello locomotor	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Caracteriza os compoñentes do aparello locomotor implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identificouse a masaxe e os tratamentos electroestéticos relacionados co aparello locomotor.
CA3.2 Especificáronse as funcións do sistema óseo.
CA3.3 Establecéronse a composición, a estrutura e a clasificación dos ósos e dos músculos.
CA3.4 Identificáronse as patoloxías óseas e articulares máis frecuentes e a súa influencia na imaxe persoal.
CA3.5 Caracterizouse a fisioloxía muscular.
CA3.6 Relacionáronse os tipos de movementos coas articulacións implicadas.
CA3.7 Recoñecéronse as patoloxías do movemento e da marcha, así como as alteracións óseas vinculadas á aplicación de técnicas estéticas.
CA3.8 Relacionouse a ergonomía coa hixiene postural e a patoloxía derivada.
CA3.9 Propuxéronse correccións posturais para a clientela e para o persoal en función de análises ergonómicas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Ergonomía aplicada á imaxe persoal: Hixiene postural: riscos ergonómicos relacionados coas prácticas profesionais de imaxe persoal Patoloxía relacionada coa postura corporal: escoliose, lordose, etc. Correccións posturais. Fisioloxía do movemento e da marcha.
Sistema óseo: Esqueleto: composición e estrutura. Tecido óseo. Funcións dos ósos e das articulacións. Clasificación dos ósos. Osificación: control hormonal. Patoloxías máis frecuentes: osteoporose, osteopenia, osteomalacia, acondroplasia, condromalacia, etc.
Sistema muscular: Músculos: composición, estrutura e criterios de clasificación. Orixe e inserción dos músculos. Tecido muscular. Fibras musculares. Localización de músculos no corpo humano. Fisioloxía muscular: mecanismo da contracción.
Procesos de imaxe persoal relacionados co aparello locomotor.
Patoloxía do aparello locomotor relacionada coa imaxe persoal.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estrutura anatómica e fisiolóxica dos compoñentes do medio interno e do aparello circulatorio	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os compoñentes do medio interno implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Relacionouse a anatomía do aparello circulatorio coas funcións hemodinámicas.
CA4.2 Especificáronse os compoñentes sólidos e líquidos do sangue.
CA4.3 Caracterizouse a estrutura e a fisioloxía do sistema linfático.
CA4.4 Relacionouse a influencia do sistema linfático nos procesos de imaxe persoal.
CA4.5 Recoñecéronse os elementos que determinan o medio interno.
CA4.6 Relacionouse o equilibrio do medio interno cos aspectos fisiolóxicos do aparello circulatorio, do sistema linfático e do sangue.
CA4.7 Identificáronse as patoloxías asociadas a estes aparellos con influencia en imaxe persoal.

4.5.e) Contidos

Contidos
Anatomofisioloxía do aparello circulatorio. Principios fundamentais da circulación. Retorno venoso. Influencia das patoloxías nos tratamentos de imaxe persoal.
O sangue: tecido sanguíneo; funcións do sangue. Influencia das patoloxías nos tratamentos de imaxe persoal.
Sistema linfático: anatomía e fisioloxía. A linfa. Factores que interveñen na circulación linfática. Influencia do sistema linfático nos procesos de imaxe persoal.
Medio interno. Líquidos corporais: regulación e composición en distintos espazos.
Influencia dos tratamentos de imaxe persoal no aparello circulatorio.
Accións das técnicas mecánicas, electroestéticas e cosmetolóxicas.
Clasificación dos efectos. Influencia da presión e da temperatura no sistema vascular.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Estrutura anatómica e fisiolóxica dos sistemas endócrino e nervioso	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Caracteriza os compoñentes dos sistemas endócrino e nervioso implicados na aplicación de técnicas de imaxe persoal, revisando a súa estrutura anatómica e fisiolóxica.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Especificáronse as glándulas endócrinas e as súas funcións.
CA5.2 Establecéronse os mecanismos endócrinos.
CA5.3 Xustificouse a influencia hormonal na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.4 Analizáronse os mecanismos de inhibición nerviosa utilizados en técnicas complementarias ás utilizadas en imaxe persoal: infiltracións, inxeccións, etc.
CA5.5 Establecéronse os mecanismos nerviosos.
CA5.6 Estableceuse a relación entre os sistemas nervioso e endócrino.
CA5.7 Xustificouse a influencia do sistema nervioso na pel e nos anexos cutáneos.
CA5.8 Identificáronse os órganos sensoriais e as súas funcións.
CA5.9 Relacionouse a fisioloxía sensorial coas técnicas utilizadas en imaxe persoal.

4.6.e) Contidos

Contidos
Sistema nervioso: organización e estrutura. Células do sistema nervioso. Nervios. Transmisión neuronal: neurotransmisores. Análise de inhibidores da transmisión nerviosa en imaxe persoal: toxina botulínica.
Sistema nervioso autónomo: estrutura e funcións.
Órganos dos sentidos. Receptores sensoriais: clasificación e mecanismo de resposta. Sentidos: tipos, anatomía e fisioloxía. Terapias sensoriais: aromaterapia, cromoterapia, etc.
Sistema endócrino: organización glandular. Hormonas. Fisioloxía hormonal. Regulación da secreción. Influencia das hormonas na pel e nos anexos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Pautas nutricionais saudables e a súa influencia na imaxe persoal	24

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Establece pautas de asesoramento en hábitos saudables, en relación cos procesos de imaxe persoal.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Caracterizouse o concepto de saúde.
CA6.2 Recoñeceuse a influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal.
CA6.3 Identificáronse os métodos de prevención.
CA6.4 Analizáronse as campañas de promoción da saúde.
CA6.5 Determináronse os efectos dos tratamentos oncolóxicos no órgano cutáneo.
CA6.6 Establecéronse os factores desencadeantes e as medidas de prevención do cancro.
CA6.7 Diferenciáronse as etapas de avellentamento corporal.
CA6.8 Determináronse os cambios da figura corporal en cada etapa da vida.
CA6.9 Especificáronse os hábitos saudables que atrasan a aparición do avellentamento.
CA6.10 Relacionouse o aparello reprodutor, as súas patoloxías e as doenzas de transmisión, cos hábitos de vida saudable.
CA6.11 Establecéronse recomendacións saudables para potenciar a imaxe estética.

4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto de saúde.
Influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal.
Prevención primaria como método de promoción da saúde: medidas colectivas (campañas de promoción da saúde e as súas implicacións na imaxe persoal) e individuais.
Repercusión do cancro e dos tratamentos oncolóxicos na imaxe persoal. Etioloxía. Factores que predispoñen e que desencadean a aparición do cancro. O cancro e os hábitos de vida: medidas de prevención.
Avellentamento corporal: cambios da figura corporal ao longo da vida. Fisioloxía do avellentamento. Modificacións nas estruturas corporais: causas. Relación entre o avellentamento e os estilos de vida.
Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor: estrutura. Desenvolvemento e modificación ao longo da vida do individuo. Influencia do seu funcionamento nos procesos de imaxe persoal.
Doenzas de transmisión.
Anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio: estrutura. Respiración: bases fisiolóxicas. Influencia do funcionamento do aparello respiratorio nos procesos de imaxe persoal.
Anatomía e fisioloxía do aparello excretor: estrutura. Análise do proceso de formación dos ouriños. Influencia do funcionamento renal nos procesos de imaxe persoal.
Asesoramento en hábitos saudables. Avaliación dos hábitos saudables. Recomendacións sobre alimentación, exercicio físico, sono, hixiene persoal, etc. Elementos que repercuten na imaxe estética.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Pautas de asesoramento en hábitos saudables en relación coa imaxe persoal	26

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Identifica pautas nutricionais saudables e recoñece a súa influencia sobre a imaxe estética.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Caracterizáronse os alimentos e os nutrientes.
CA7.2 Relacionáronse as características dos alimentos coa influencia da dieta na conservación da saúde.
CA7.3 Especificouse a táboa de composición de alimentos.
CA7.4 Determináronse os procesos bioquímicos da nutrición.
CA7.5 Caracterizáronse os compoñentes dunha dieta equilibrada.
CA7.6 Relacionáronse coas súas funcións as estruturas anatómicas dos aparellos e dos sistemas implicados na nutrición.
CA7.7 Relacionouse o aparello dixestivo coa nutrición e a imaxe persoal.
CA7.8 Recoñeceuse a influencia do aparello excretor e as súas patoloxías na imaxe persoal.
CA7.9 Identificouse a influencia do aparello respiratorio e as súas patoloxías na nutrición e a na imaxe persoal.
CA7.10 Identificouse a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.
CA7.11 Recoñecéronse os procesos patolóxicos implicados na nutrición e a súa influencia sobre pel e os seus anexos.
CA7.12 Confeccionáronse dietas e indicacións dietéticas recomendables.
CA7.13 Identificouse a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.

4.8.e) Contidos

Contidos
Alimentos e nutrientes: tipos e función dos nutrientes. Necesidades e recomendacións nutricionais e hídricas. Táboas de composición dos alimentos.
Anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio: estrutura. Respiración: bases fisiolóxicas. Influencia do funcionamento do aparello respiratorio nos procesos de imaxe persoal.
Anatomía e fisioloxía do aparello excretor: estrutura. Análise do proceso de formación dos ouriños. Influencia do funcionamento renal nos procesos de imaxe persoal.
Anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo: estrutura. Análise do proceso da dixestión.
Procesos bioquímicos da nutrición.
A dieta: tipos e relación coa imaxe persoal. Alimentación equilibrada. Alimentos funcionais.



Contidos

Fisiopatoloxía estética relacionada coa alimentación: obesidade, sobrepeso e delgadeza. Lipodistrofias. Modificacións na conduta alimentaria: anorexia e bulimia, vigorexia, ortorexia, etc. Desequilibrio de nutrientes e a súa relación coa pel e os seus anexos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

U.D. 1. Empresa

U.D. 2:

- Relacionáronse os métodos de desinfección cos niveis de risco de infección de cada material.
- Determináronse os protocolos de limpeza, desinfección e esterilización aplicables ao ámbito da imaxe persoal.
- Caracterizáronse os tipos de axentes contaminantes.
- Especificáronse os elementos que conforman o sistema inmunitario e os factores que o regulan.
- Valorouse a aplicación da normativa na planificación da hixiene na imaxe persoal.
- Recoñeceuse o programa de vacinación obrigatorio para o persoal aplicador das técnicas de imaxe persoal.
- Xustificouse a xestión dos residuos producidos no ámbito da imaxe persoal.
- Estableceuse o plan de calidade no tratamento de residuos e nos procesos de hixiene na imaxe persoal.
- Especificáronse os equipamentos de protección individual utilizados en imaxe persoal.

U.D. 3:

- Identificáronse as rexións e as zonas do corpo humano.
- Determináronse as posicións anatómicas.
- Establecéronse os planos e os eixes anatómicos.
- Definíronse os termos de movemento, relación e dirección no espazo da estrutura xeral do corpo humano.
- Recoñeceuse a forma, o aspecto xeral e as proporcións corporais.
- Recoñeceuse a forma, o aspecto xeral e as proporcións corporais.
- Identificáronse os factores hereditarios e ambientais que determinan a constitución do corpo.
- Recoñecéronse os tipos constitucionais ou somatotipos.
- Relacionáronse os valores antropométricos coa súa aplicación en imaxe persoal.

U.D. 4:

- Identificouse a masaxe e os tratamentos electroestéticos relacionados co aparello locomotor.
- Especificáronse as funcións do sistema óseo.
- Establecéronse a composición, a estrutura e a clasificación dos ósos e dos músculos.
- Identificáronse as patoloxías óseas e articulares máis frecuentes e a súa influencia na imaxe persoal.
- Caracterizouse a fisioloxía muscular.
- Relacionáronse os tipos de movementos coas articulacións implicadas.
- Recoñecéronse as patoloxías do movemento e da marcha, así como as alteracións óseas vinculadas á aplicación de técnicas estéticas.
- Relacionouse a ergonomía coa hixiene postural e a patoloxía derivada.
- Propuxéronse correccións posturais para a clientela e para o persoal en función de análises ergonómicas.

U.D. 5:

- Relacionouse a anatomía do aparello circulatorio coas funcións hemodinámicas.
- Especificáronse os compoñentes sólidos e líquidos do sangue.
- Caracterizouse a estrutura e a fisioloxía do sistema linfático.
- Relacionouse a influencia do sistema linfático nos procesos de imaxe persoal.
- Recoñecéronse os elementos que determinan o medio interno.
- Relacionouse o equilibrio do medio interno cos aspectos fisiolóxicos do aparello circulatorio, do sistema linfático e do sangue.
- Identificáronse as patoloxías asociadas a estes aparellos con influencia en imaxe persoal.

U.D. 6:

- Especificáronse as glándulas endócrinas e as súas funcións
- Establecéronse os mecanismos endócrinos.
- Xustificouse a influencia hormonal na pel e nos anexos cutáneos.
- Analizáronse os mecanismos de inhibición nerviosa utilizados en técnicas complementarias ás utilizadas en imaxe persoal: infiltracións, inxeccións, etc.
- Establecéronse os mecanismos nerviosos.
- Estableceuse a relación entre os sistemas nervioso e endócrino.
- Xustificouse a influencia do sistema nervioso na pel e nos anexos cutáneos.
- Identificáronse os órganos sensoriais e as súas funcións.
- Relacionouse a fisioloxía sensorial coas técnicas utilizadas en imaxe persoal.

U.D. 7:

- Caracterizouse o concepto de saúde.
 - Recoñeceuse a influencia dos hábitos de vida na imaxe persoal..
 - Identificáronse os métodos de prevención.
 - Analizáronse as campañas de promoción da saúde.
 - Determináronse os efectos dos tratamentos oncolóxicos no órgano cutáneo.
 - Establecéronse os factores desencadeantes e as medidas de prevención do cancro.
 - Diferenciáronse as etapas de avellentamento corporal.
 - Determináronse os cambios da figura corporal en cada etapa da vida.
 - Especificáronse os hábitos saudables que atrasan a aparición do avellentamento.
 - Relacionouse o aparello reprodutor, as súas patoloxías e as doenzas de transmisión, cos hábitos de vida saudable.
- a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas.
- Establecéronse recomendacións saudables para potenciar a imaxe estética.

U.D. 8:

- Caracterizáronse os alimentos e os nutrientes.
- Relacionáronse as características dos alimentos coa influencia da dieta na conservación da saúde.
- Especificouse a táboa de composición de alimentos.
- Determináronse os procesos bioquímicos da nutrición.
- Caracterizáronse os compoñentes dunha dieta equilibrada.
- Relacionáronse coas súas funcións as estruturas anatómicas dos aparellos e dos sistemas implicados na nutrición.
- Relacionouse o aparello dixestivo coa nutrición e a imaxe persoal.
- Recoñeceuse a influencia do aparello excretor e as súas patoloxías na imaxe persoal.
- Identificouse a influencia do aparello respiratorio e as súas patoloxías na nutrición e a na imaxe persoal.

- Identifícase a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.
- Recoñécéronse os procesos patolóxicos implicados na nutrición e a súa influencia sobre pel e os seus anexos.
- Confeccionáronse dietas e indicacións dietéticas recomendables.
- Identifícase a relación entre os hábitos de vida saudables e as alteracións e as patoloxías humanas.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas, traballos ou prácticas propostos polo profesor e a observación directa da actitude e comportamento do alumnado.

AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avalíaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, cuestionarios, test, traballos, prácticas, etc expostos na clase, etc. e que constituirán o cen por cen da nota.

Aplicarase do seguinte xeito:

* Traballos (T): que poden englobar diversos tipos de actividades: probas orais, traballos individuais e en grupo, realización dunha memoria por avaliación, tarefas prácticas dos alumnos na aula ou no laboratorio, etc. (Para valoralos partimos da nota dun 10 e se o alumno ten que facer unha actividade na aula ou na casa e non a fai ou está mal feita restarase 0.5 puntos por cada vez que isto pase)

Primeira, segunda e terceira avaliación: 20%

* Exames (E): que agrupan as probas escritas a realizar no exame, en forma de preguntas cortas, tipo test, supostos, etc. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e contarán na cualificación da avaliación do seguinte xeito:

Primeira, segunda e terceira avaliación: 80%

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as probas avaliadas sempre que estean todas aprobadas.

Si alguna das probas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación serán: aqueles que teñan todas as probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 5 puntos. A nota da avaliación será o resultado da media entre todas as probas. Se existise fracción decimal na nota media, procederase do seguinte xeito:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso -Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba inferior os 5 puntos. Se existise fracción decimal ao facer a media das unidades para obter a nota media da avaliación, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4.

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das notas obtidas nas probas, sempre e cando estean aprobadas.

Penalizarase coa cualificación de cero cando se comprobé que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou

realizara condutas similares.

A consecución dos contidos actitudinais non se reflectirá como unha parte da nota do alumnado, sen embargo a súa non consecución si reducirá a nota.. Presuponse a asistencia habitual a clase do alumnado, o comportamento correcto e a súa actitude participativa, de xeito que non se puntuará positivamente a asistencia, o bo comportamento ou a actitude. No caso de que o bo comportamento e a actitude non se dean, poderase aplicar un procedemento especial de avaliación que consistirá en aplicar un descontó na nota final do curso obtida, por cada apercibimento por escrito e comunicado a xefatura de estudos, ademáis da sanción que corresponda segundo o réxime interno do centro. Dito descontó será na nota final do curso, de 1 punto por falta leve, de 2 puntos por falta grave. Considerarase falta leve ou grave segundo o establecido no regulamento de réxime interno.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As clases de recuperación desenvolveranse de acordo a un calendario no que os/as alumnos/as xunto co profesor/a repartirán a materia en bloques para cada un dos días establecidos. Estes días os alumnos/as deberán traer a parte teórica preparada para poder consultar dúbidas e facer as prácticas correspondentes.

*Ao remate do período de recuperación os/as alumnos/as someterase a unha proba teórica (100%)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede: non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual alumnado que non asista ás actividades do ciclo en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.¿

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de departamento tratarase de forma habitual o cumprimento da programación didáctica o longo do curso

O sistema de calidade fai necesario unha revisión trimestral do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes de cara o resto do curso. Farase un seguimento da programación a través da plataforma habilitada para tal fin.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso. Transcurrido po lo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumn@s con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O tratamento de estes temas na clase farase fundamentalmente a través da proposta de actividades encamiñados a realización de debates orales e exposicións de carácter valorativo, exemplos serían:

Educación moral e cívica: Conseguir que os xóvenes adquiran normas democráticas e xustas.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertencencia a un sexo.

Educación para a paz: Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. As doazóns de sangue e de órganos é un xesto que simboliza a solidariedade entre os seres humanos.

Educación ambiental: Respeto o entorno físico e natural.

Educación para a saúde, sexual, alimentación e calidade de vida e imaxe persoal: É a transversal por excelencia. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e alimentación, e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas. A educación sexual no referente a hixiene, prácticas sexuais, as medidas preventivas de embarazos e de transmisión de enfermidades, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de asistir a exposicións, mostras ou visitas a instalacións ou establecementos relacionadas coa familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas dependendo do curso e datas nas que se realizan os eventos polo que non podemos planificalas con moita anterioridade

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar @s alumn@s co seu futuro traballo profesional.

Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade. Lévanse a cabo, de forma xeral, na propia aula. Aínda que están integradas nun módulo concreto, formando parte dos procedementos e se é posible dentro do seu horario lectivo, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar aos dous cursos dun mesmo ciclo, aos dous ciclos medios ou incluso a tod@s os alumn@s dos ciclos formativos.

Exposicións e demostracións de tratamentos relacionados cos diferentes módulos

10. Outros apartados

10.1) Estratexias Metodolóxicas

Nos ciclos do réxime ordinario o ensino é presencial. Con todo, adóptaranse medidas para asegurar a continuidade da formación do presente módulo no caso de producirse estados excepcionais ó longo do curso, como ausencias temporais xustificadas do alumnado.

As medidas a tomar nestes casos serán :

- Comprobar a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil por parte de todo o alumnado.
- Habilitar o curso na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual, exercicios e orientacións necesarias para completar o curso con éxito.
- A comunicación profesor/alumno, entrega de traballos, tarefas, correccións etc, realizarase preferentemente a través da aula virtual cando así se propoña, ou en clase. Tamén se poderá utilizar a tal fin o email ou outras plataformas alternativas didácticas como quizziz, genially, google classroom, blogs educativos etc.
- No caso de que o alumnado que teña que seguir o curso a distancia por causa xustificada non dispoña das ferramentas necesarias para realizar o seguimento a través de medios tecnolóxicos, proporcionaráselle a través da canle que se habilite a tal fin, dependendo da súa situación, outros medios alternativos como correo postal, recollida/entrega por parte dunha persoa de confianza do alumno, etc.

O número total de horas semanais deste módulo é de 4, xa que ten unha redución dunha hora debido a impartición da materia de inglés. Polo tanto o número total de horas a impartir é de 125 horas que se corresponden con 150 sesións:

A distribución horaria por sesións por unidades formativas será a seguinte:

- 1 Formación en empresa 54 sesións
 - 2 Normas hixiénico-sanitarias de aplicación nos procesos de imaxe persoal 10 sesións
 - 3 Compoñentes antropométricos relacionados coa imaxe persoal. Estrutura xeral do corpo humano 6 sesións
 - 4 Estrutura anatómica e fisiolóxica do aparello locomotor 10 sesións
 - 5 Estrutura anatómica e fisiolóxica dos compoñentes do medio interno e do aparello circulatorio 10 sesións
 - 6 Estrutura anatómica e fisiolóxica dos sistemas endocrino e nervioso 5 sesións
 - 7 Pautas nutricionais saudables e a súa influencia na imaxe persoal 29 sesións
 - 8 Pautas de asesoramento en hábitos saudables en relación coa imaxe persoal 26 sesións
- Total 150 sesións